

a) Estado de situación da tesourería e operacións extrapresupostarias.

b) Estado demostrativo do presuposto de ingresos.

c) Estado demostrativo do presuposto de gastos.

3.º) Esta orde terá efectos a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 1991.

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

Ilmo. Sr. Secretario Xeral Técnico, Consellería de Traballo e Servicios Sociais. Ilmo. Sr. Interventor Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Ilma. Sra. Directora Xeral do Servicio de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

3.—

4.—

5.—

6.—

7.—

8.—

9.—

10.—

f) Que acepta integramente estas bases e, no caso de serlle adxudicada a dita bolsa, comprométese a cumprilas obrigas que implica a súa concesión.

En ..., ... de ... 1991.

(sinatura do solicitante)

Excmo. Sr. Conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

#### Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

*Corrección de erros.—Orde do 30 de maio de 1991 pola que se convoca a concesión dunha bolsa para estudos de investigación sobre algas mariñas.*

Advertida omisión no texto da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* n.º 129, do 8 de xullo de 1991, relativa á solicitude a que fai referencia a base terceira da convocatoria, cómpre face-la oportuna corrección.

Don/Dona ..., de ... anos de idade, estado civil ..., con domicilio en ..., concello de ..., provincia de ..., teléfono ..., provisto do DNI número ..., ante V.E. comparece e respectuosamente,

#### EXPÓN:

Que participa na convocatoria pública de concesión dunha bolsa de investigación publicada no DOG número 129, do 8 de xullo de 1991, e para estes efectos fai constar:

a) Que está en posesión do título de licenciado/a en ciencias biolóxicas, expedido pola Universidade de ..., con data ... de ... de 19..

b) Que non transcorreron máis de 6 anos desde a obtención da licenciatura.

c) Que na actualidade non realiza ningún tipo de traballo remunerado.

d) Presenta o seguinte currículum vitae e alega como méritos os seguintes: (cítense ó dorso).

e) Presenta como documentos xustificantes dos méritos alegados os seguintes:

1.—Fotocopia do DNI.

2.—Fotocopia compulsada da titulación académica.

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Orde do 15 de xullo de 1991 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de unha praza vacante de asesor xurídico na Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.*

Convocada por orde do 11 de marzo de 1991 (DOG n.º 55, do 20 de marzo), a provisión, polo sistema de libre designación, de unha praza vacante de asesor xurídico na Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, esta consellería, conforme o establecido na convocatoria, resolve:

#### Primeiro:

Seleccionar, conforme o sinalado na base quinta da orde de convocatoria, ó funcionario que se indica no anexo para o posto de traballo que nel se especifica.

#### Segundo:

O cesamento no actual destino do funcionario seleccionado producirase no prazo de tres días contados a partir do seguinte a aquel en que se lle notifique a resolución de traslado a esta Comunidade.

A toma de posesión da praza adxudicada deberá realizarse no prazo dos tres días seguintes ó do cesamento se se trata da mesma localidade na que presta os seus servicios o funcionario, ou no prazo de un mes, se se trata de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Real decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro:

A correspondente xefatura de persoal do centro onde cause alta o funcionario realizará, dentro dos prazos sinalados no apartado anterior, a dilixencia de toma de posesión, e efectuarase, acto seguido, a trámite para a súa alta na nómina, conforme dispón a orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 28 de novembro de 1983.

Das dilixencias efectuadas remitiráselles cadansúa copia á Dirección Xeral da Función Pública e á Asesoría Xurídica Xeral.

Cuarto:

Contra esta orde poderase interpoñer recurso de reposición perante esta mesma consellería no prazo de un mes a partir do seguinte día ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1991.

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
 Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Ilmo. Sr. Director Xeral - Xefe da Asesoría Xurídica Xeral

Ilmo. Sr. Secretario Xeral Técnico da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno

Ilmo. Sr. Director Xeral da Función Pública

ANEXO

N.º R.P. / Corpo	Grupo	Apelidos e nome	Posto para o que se selecciona						
			Posto	Nivel	Dependencia	Localidade			
			516048612A1600 Letrados da Administración da Seguridade Social	A	Francia Somalo, Fernando	Asesor Xurídico	30	Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno	Santiago

**Consellería de Educación e Ordenación  
Universitaria**

*Orde do 15 de xullo de 1991 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4 da mesma lei,

Esta consellería,

**DISPÓN:****Primeiro:**

Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I desta orde.

**Segundo:**

Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

**Terceiro:**

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no Rexistro Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo - San Caetano, s/n, en Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 66 da Lei de procedemento administrativo, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

**Cuarto:**

Os aspirantes deberán xuntar á petición un curriculum vitae, e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

**Quinto:**

No caso de que resulte seleccionado para ocupar os postos de traballo que se relacionan no anexo I desta orde un funcionario con destino noutras administracións públicas, tramitaráselle o seu traslado a esta Comunidade Autónoma conforme o previsto no Real decreto 28/1990, do 15 de xaneiro, e demais disposicións concordantes.

**Sexto:**

A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán declararse desiertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

**Sétimo:**

As reclamacións que se fagan en relación con esta convocatoria deberán formularse perante esta mesma consellería no prazo de un mes a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1991.

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria